
A HORTA ESCOLAR ECOLÓXICA UN PROXECTO INTERDISCIPLINAR

**LICENZAS POR ESTUDOS 2013-2014
AUTOR: JORGE DOMONTE PEREIRO**

ÍNDICE

PRESENTACIÓN	3
OBXECTIVOS EDUCATIVOS PRETENDIDOS	3
ASPECTOS CURRICULARES EN QUE INCIDE	5
METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS	9
ESTRUTURA DO MATERIAL	12
ACTIVIDADES PROPOSTAS	14
RECURSOS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO	24
MEDIOS PARA ACHEGAR RETROALIMENTACIÓN ÁS APRENDIZAXES NO PROCESO AVALIATIVO	25

PRESENTACIÓN

O material didáctico virtual “A horta escolar ecolóxica. Un proxecto interdisciplinar” está creado fundamentalmente coas ferramentas da plataforma educativa moodle. Está estruturado en catro cursos de moodle cada un destinado a unha área distinta do proxecto da horta. Estes catro cursos xuntos poderían constituir unha categoría ou unha sub-categoría dentro do entorno moodle no que se traballe. O nome desa categoría podería ser “A horta escolar ecolóxica”.

OBXECTIVOS EDUCATIVOS PRETENDIDOS

Estes materiais didácticos dixitais pretenden ofrecer a profesorado e alumnado unha guía para a realización dunha horta escolar ecolóxica e para súa utilización como instrumento de aprendizaxe multidisciplinar.

Esta proposta está pensada para o Proxecto Interdisciplinar de 1º de ESO, aberta por tanto a ser utilizada en conxunción con outras materias do mesmo curso. Así mesmo está concibida para ter continuidade en 2º de ESO, e aberta a ser ampliada para o seu uso en cursos posteriores.

A horta escolar concíbese como un espazo de actuación real onde os contidos e procedementos traballados son altamente significativos. As necesidades da horta determinan as aprendizaxes necesarias que, en moitas ocasións, van máis alá dos contidos curriculares. Este é o enfoque deste material no que todos os contidos traballados son escollidos e delimitados pola súa funcionalidade no traballo da horta. Queda nas mans do profesorado que o utilice a posibilidade de facer deles unha porta de entrada que poida conducir a profundar na medida que o currículo establece.

A pretensión é que o alumnado, embarcado nun proxecto moi motivador, acolla positivamente o coñecemento necesario para levalo a cabo e se desperte o seu interese por profundar nel.

O tratarse dunha horta ecolóxica introdúcese un contido transversal de máxima importancia: a educación medioambiental. Sen dúbida este é un dos principais eixos deste material didáctico. Está feito dende a mirada do desenvolvemento sustentable e da

agricultura ecolóxica, que conciben ó ser humano como unha parte integrante da natureza, fronte á concepción do ser humano como externo á ela con dereito de explotación indiscriminada. Deste xeito esta proposta está orientada a unha comprensión profunda dos mecanismos e do equilibrio da natureza, que actualmente se atopan altamente deteriorados pola acción do ser humano.

O traballo na horta fai que os contidos da área de ciencias naturais sexan aprendidos nun contexto onde as actitudes e as emocións están implicadas. Isto é necesario para que a educación medioambiental vaia máis alá dunha regulamentación, baseada nunha estatística máis ou menos fría. A necesidade pero sobre todo o beneficio e o desfrute dunha interacción harmoniosa coa natureza fanse evidentes.

O material está presentado a través da plataforma moodle, en forma de catro cursos que poderían ser agrupados nunha categoría ou sub-categoría. Esta estrutura permite que o profesorado que a utilice a poida modificar e adaptar ó contexto do seu centro e ás características do alumnado que vaia participar no proxecto. Ademais permite a adición de novas actividades, tanto das materias que xa están presentes neste material como de novas materias, pois a horta escolar préstase a ser utilizada de moi diversas maneiras por todas as disciplinas.

ASPECTOS CURRICULARES EN QUE INCIDE

Este material didáctico está relacionado fundamentalmente coa materia de ciencias da natureza. Ademais ten actividades da área de ciencias sociais, xeografía e historia; linguas, educación plástica e visual.

Dado o carácter aberto do material pode ser ampliado para incluír máis aspectos curriculares e máis materias.

A continuación vexamos unha lista dos aspectos curriculares nos que incide este material.

CIENCIAS DA NATUREZA

PRIMEIRO CURSO

A vida na Terra: os seres vivos.

- Requisitos necesarios para a vida.
- Características dos seres vivos: as funcións vitais.
- Observación de organismos característicos do reino vexetal.

A terra no universo.

- As periodicidades nos calendarios. Interpretación dos movementos e as posicións no sistema sol-terra-lúa.
- Interpretación dos fenómenos relacionados cos movementos da Terra: o día e a noite, o ano, as estacións, as fases lunares.

Materiais terrestres.

- Clima.
- Valoración da influencia da actividade humana sobre a atmosfera e repercusións na saúde das persoas.
- Recoñecemento do importante papel da auga no clima, así como na paisaxe e nos seres vivos.

SEGUNDO CURSO

A vida en acción: as funcións vitais.

- Caracterización da función de nutrición como un intercambio de materia e enerxía co ambiente.
- Nutrición autótrofa e heterótrofa.
- Procesos de fotosíntese, respiración e fermentación.
- Valoración da importancia da fotosíntese para a vida na Terra.
- Reprodución vexetal.

Ambiente: o ambiente natural.

- Compoñentes dun ecosistema.
- Papel dos organismos produtores, consumidores e descompoñedores no ecosistema e a relación coa reciclaxe da materia e o fluxo de enerxía.

CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA

PRIMEIRO CURSO

Sociedades prehistóricas, primeiras civilizacións e idade antiga.

- Cazadores e recolectores. O desenvolvemento da agricultura.

A Terra e os medios naturais.

- Aplicación de técnicas de orientación e localización xeográfica.
- Compoñentes básicos do relevo, os climas, as augas e a vexetación; comprensión das interaccións que manteñen. Valoración da diversidade como riqueza que hai que conservar.
- Os grupos humanos e a utilización do medio: análise das súas interaccións.
- Estudo dalgún problema ambiental: a acción humana sobre a vexetación. Toma de conciencia das posibilidades que o medio ofrece e disposición favorable para contribuír ao mantemento da biodiversidade e a un desenvolvemento sustentable.

SEGUNDO CURSO

Poboación e sociedade.

- O poboamento galego: transformación das formas tradicionais.

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

PRIMEIRO CURSO

Observar e comprender.

- Recoñecemento das finalidades comunicativa, expresiva e estética da comunicación visual.
Interpretar, expresar e crear.
- Realización de composicións utilizando os elementos conceptuais propios da linguaxe visual.
- Producción colectiva de obras plásticas en distintos soportes.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

PRIMEIRO E SEGUNDO CURSO

Funcionamento da lingua.

- Léxico, vocabulario temático.

Educación literaria.

- Creación de textos de intención literaria.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

PRIMEIRA E SEGUNDA LINGUAS EXTRANXEIRAS

PRIMEIRO E SEGUNDO CURSO

Funcionamento da lingua.

- Léxico

METODOLOXÍA E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

SIGNIFICATIVA

O punto de partida na metodoloxía deste material didáctico é achegarse ós contidos teóricos en función da súa utilidade para unha acción real. Cada contido ou procedemento propostos parten da necesidade para unha acción correcta.

MOTIVADORA

En todo momento está presente a intención de motivar e involucrar ó alumnado, apelando ós aspectos máis estimulantes de traballar *en* e *con* a natureza. A horta é presentada como algo de todos os alumnos e alumnas, así como de todos os profesores e profesoras involucrados nela. Non é algo que se lles presenta dende fora, dende o principio eles e elas toman parte das decisións.

A este respecto é moi importante que cada vez que comeza un novo curso sexa o propio alumnado que traballou a horta o que o presente ao alumnado que a vai traballar. Incluso sería moi conveniente que este alumnado participe nalgunhas das explicacións prácticas.

IMPORTANTE PRESENZA DO TRABALLO EN GRUPO

A interacción entre iguais é unha importante forma de desenvolvemento cognitivo. Este prodúcese cando a persoa confronta os seus esquemas mentais cos das persoas coas que se relaciona. Cando o alumnado traballa en pequenos grupos ten que confrontar os propios esquemas e modificalos para crear uns comúns. Neste material preséntanse actividades que esixen para o alumnado o procesamento dalgunhas informacións para extraer conclusións, atopar relacións internas, ou para definir unha posición persoal. Estas tarefas son difíciles de facer de xeito individual, pero son posibles e enriquecedoras se se fan en pequenos grupos. Este proceso, coidado e guiado polo profesor ou profesora, ten un gran potencial.

Por outra banda a horta escolar é unha creación colectiva e é preciso traballar habilidades de colaboración.

Por último o desenvolvemento sustentable ten sentido dentro da consciencia da interdependencia das persoas e de todos os elementos da natureza. O traballo en grupo é unha base necesaria para que estas ensinanzas pasen do plano do coñecemento declarativo ó das actitudes.

É por tanto importante coidar dende o principio as dinámicas de traballo en grupo.

INCITA Á REFLEXIÓN

A presenza do desenvolvemento sustentable como contido transversal ó longo de gran parte das actividades, fai que a reflexión tamén sexa substancial en moitas delas. Todos os contidos traballados están fortemente contextualizados. Este enfoque pretende facer evidente para o alumnado a relación entre o que aprende e a súa propia vida.

Este aspecto é básico para desenvolver a competencia no coñecemento e interacción co mundo físico. Por iso se suxire dar peso a este aspecto para favorecer que o alumnado integre o coñecemento como algo capaz de influír na forma de relacionarse co mundo e nas propias decisións.

INTEGRA CONCEPTOS, PROCEDEMENTOS E ACTITUDES

Así mesmo hai unha integración de conceptos, procedementos e actitudes, que se ve favorecida por tratarse dun material didáctico destinado a guiar na creación e utilización dunha horta real.

O TRABALLO EN ENTORNO VIRTUAL Ó SERVIZO DO TRABALLO EN ENTORNO REAL

Neste sentido é importante resaltar que nestes materiais o traballo no entorno virtual non é a parte máis importante, senón que é un apoio para a actuación no contexto real, achegándose ás TIC como un medio, non como un fin.

Este enfoque metodolóxico introduce intencionalmente unha combinación de tarefas feitas en entorno virtual con outras feitas en entorno real, a pesar de que están propostas desde un material didáctico dixital. Isto é especialmente claro en todo o traballo “na terra”, así como nas propostas de traballo en grupo. O alumno ou alumna non fai estas actividades exclusivamente co seu ordenador, sempre hai aspectos que teñen que ser completados cunha acción real.

INTERDISCIPLINAR

Hai actividades de distintas materias, incluso algunhas que requiren o uso de coñecementos de distintas áreas. As actividades non están separadas por materias, senón que se presentan en función da súa pertinencia no proxecto da horta. Deste xeito se reforza a instrumentalidade e utilidade das distintas áreas do saber.

Por iso é importante que profesores de distintas materias contribúan ó desenvolvemento dunha mesma secuencia de aprendizaxe. Aquí non é a materia a que determina a actividade a realizar, é a actividade a que determina a materia a utilizar.

DÁ PROTAGONISMO Ó ALUMNADO

Esta proposta establece as condicións para que o alumnado participe nas decisións relativas á horta. Esta participación é moi importante para que a sintan como algo propio, que está nas súas mans. É un xeito de estimular a toma de responsabilidade.

ESTRUTURA DO MATERIAL

Este material está estruturado en catro seccións.

1ª SECCIÓN: “¡IMOS FACER UNHA HORTA!”

Esta sección está destinada a introducir ao alumnado no proxecto e a presentar os contidos teóricos fundamentais.

Inclúe unha introdución ó proxecto conectando, xa dende o punto de partida, todo o traballo que imos desenvolver con nocións de desenvolvemento sustentable, situando o alumno ou alumna dentro do escenario ambiental actual, cos seus problemas e con algunhas das vías de solución que se están propondo o comezando a adoptar. A agricultura ecolóxica en xeral, e o traballo que se vai facer neste proxecto preséntanse tamén como unha vía de intervención positiva no medio.

O resto da sección comprende actividades relacionadas cos fundamentos teóricos máis importantes para o proxecto, relacionados coa bioloxía do reino vexetal (materia de ciencias da natureza) e coa interacción do ser humano coa natureza (materia de ciencias sociais, xeografía e historia).

2ª SECCIÓN: “¡MANS Á OBRA!”

Esta sección está destinada a orientar ao alumnado no deseño e construción da horta.

Comprende a exposición da información básica sobre o tipo de horta proposto neste material (e que pode ser substituído por outro se o profesorado o considera conveniente, posto que a maior parte do material é aplicable a calquera tipo de horta ecolóxica), e todos os procedementos que hai que seguir para deseñar e construír a horta.

3ª SECCIÓN: “¡MANS Á TERRA!”

Esta sección está destinada a orientar ao alumnado nas labores agrícolas e na forma de organizar os traballos na horta.

Comprende a exposición de todos os traballos necesarios para cultivar e manter unha horta relacionados cos contidos máis teóricos da primeira parte do material (¡Imos facer unha horta!). Están expostos para que o alumnado comprenda o sentido de cada acción levada a cabo e a súa relación coa bioloxía das plantas, así como a súa relación coas distintas formas de intervención humana na natureza. Preséntanse distintas opcións e explícase con máis profundidade a escollida pola agricultura ecolóxica, dado que é a que dá sentido ó traballo e é a que se vai empregar neste proxecto.

Ademais comprende unha proposta concreta de cultivos, os procedementos para elaborar un plan de traballo e unha proposta de avaliación do traballo de colaboración que sen dúbida é esencial para o éxito do proxecto.

4ª SECCIÓN: “AGRI-CULTURA”

Esta sección está destinada a traballar os aspectos máis humanistas do proxecto. Non quere dicir que non estean presentes nas seccións anteriores, senón que aquí son presentados dun xeito máis explícito.

Inclúe varias actividades relacionadas co proxecto aparte das relacionadas coas labores agrícolas. Podemos dividilas en tres tipos:

Actividades substanciais ó proxecto: as relacionadas coa comunicación e co desenvolvemento sustentable.

Actividades importantes pero non substanciais: a organización de dúas viaxes e o ciclo de cine.

Actividades complementarias: as relacionadas coas linguas e a literatura e coa educación plástica e visual.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

1º ¡IMOS FACER UNHA HORTA!

As actividades desta sección teñen a estrutura “Lección” de moodle. Estas consisten nun conxunto de páxinas web. En cada páxina se presentan uns contidos a través de explicacións, vídeos (de youtube, embebidos na páxina), mapas conceptuais ou presentacións prezi. Ó final de cada páxina o alumno ou alumna pode acceder á seguinte.

Ás veces o paso dunha páxina a outra está condicionado á resposta a unha pregunta. Cando esta pregunta esixe ao alumnado escribir un texto pode continuar adiante automaticamente. Unha vez que a resposta é corrixida o alumno ou alumna recibirá a puntuación. Estas preguntas teñen como obxectivo a reflexión ou a integración de coñecementos. En ocasións esixen que o alumnado busque información en internet ou no libro de texto.

No caso das preguntas de verdadeiro-falso, de emparellamento ou de resposta breve o paso á seguinte páxina está condicionado a dar unha resposta correcta. Nese caso a puntuación é dada no mesmo momento. O obxectivo destas preguntas é a auto-avaliación por parte do alumnado, por iso cando a resposta é errónea son conducidos á páxina anterior ou a unha páxina de repaso. Polo tanto teñen varias oportunidades para respondela. En todo caso o profesor ou profesora responsable do curso pode ver o número de tentativas.

Nesta estrutura pódense engadir máis preguntas se se quere reforzar a auto-avaliación. Incluso pódese propor como un exame cunha duración determinada e sen posibilidade de volver a responder en caso de resposta errada.

Polo tanto estas actividades son un xeito de presentar os contidos teóricos combinada con tarefas avaliáveis.

Cada un deste catro cursos están divididos en apartados que conteñen unha o ou varias actividades (ás veces inclúen actividades tipo foro ou actividades de avaliación).

Vexamos unha por unha.

1. Eu fago o mellor que podoo.

“A historia na que vivimos”. Actividade de introdución e motivación. A intención é incorporar, xa neste primeiro momento, a perspectiva do desenvolvemento sustentable. Presenta un símbolo representativo da acción positiva no medio: un colibrí e un slogan “Eu fago o mellor que podoo”, extraídos dun conto de Wangari Maathai, que se presenta narrado por ela mesma nun vídeo. Este símbolo vai estar presente ó longo de todo o proxecto nos momentos nos que se propoñan accións ou actividades que poidan contribuír á mellora do medio ambiente.

Actividade tipo foro para unha choiva de ideas.

2. Os ciclos da natureza.

Inclúe dúas actividades da materia ciencias da natureza: “Os ciclos da natureza” e “O ciclo da materia”. Os contidos desta segunda actividade son fundamentais no proxecto. Moitas das actividades propostas e dos contidos fundamentais das seguintes seccións van facer referencia a esta.

Neste apartado preténdese que o alumnado sexa capaz de ver os ciclos que continuamente están acontecendo na vida cotiá e na natureza. Esta é a preparación para comprender un ciclo fundamenta para a vida no planeta, o da materia. A agricultura ecolóxica centra gran parte dos seus esforzos en manter este ciclo no “ecosistema horta”. Comprender este ciclo é imprescindible para comprender o sentido de moitas labores da agricultura ecolóxica.

3. Da natureza á horta. A intervención do ser humano.

Inclúe unha actividade que combina contidos de ciencias da natureza e ciencias sociais, xeografía e historia.

Unha vez vistos os ciclos da natureza e máis concretamente o ciclo da materia, neste apartado estúdase como o ser humano inflúe neses ciclos coa súa intervención mediante a agricultura.

4. Como se alimentan as plantas.

Inclúe unha actividade da materia ciencias da natureza.

Esta actividade constitúe unha aprofundamento nun dos puntos esenciais do ciclo da materia, a dos organismos produtores. Abrangue contidos curriculares moi importantes na materia de ciencias da natureza. Tamén vai ser fundamental para a comprensión dalgunhas das labores agrícolas.

5. O solo.

Inclúe unha actividade da materia ciencias da natureza.

Esta actividade tamén é fundamental para o proxecto posto que na agricultura ecolóxica o solo é o gran protagonista, sendo un dos seus obxectivos fundamentais o mantemento dun solo vivo capaz de contribuír ó ciclo da materia. Ademais ten un enfoque moi importante para o desenvolvemento sustentable posto que a degradación do solo no planeta é unha das grandes ameazas medioambientais.

Neste apartado preténdese que o alumnado comprenda que o solo está cheo de vida e cal é a súa contribución á saúde medioambiental do planeta.

Ademais introduce unha actividade para coñecer e facer compost, elemento básico na agricultura ecolóxica. Dado que o compost tarda algunhas semanas en estar listo para o seu uso, hai que comezar cuanto antes a facelo. Esta actividade pode constituír un elemento motivador importante.

6. O clima

Inclúe unha actividade da área de ciencias da natureza, tamén fundamental pola influencia que ten na agricultura.

2º ¡MANS Á OBRA!

Neste bloque de actividades preséntanse todas as instrucións para o deseño e realización da horta.

1. ¿Como vai ser a nosa horta?

“Primeiras decisións” presenta a descrición dun tipo de horta apropiada para o contexto escolar. Explica que elementos ten e como son. É un material teórico básico no que se apoiará o deseño da horta.

2. ¿Onde imos facela?

“A localización da nosa horta” é unha actividade para escoller a localización da horta no espazo do centro escolar. A proposta é dividir ao alumnado participante en pequenos grupos. Na actividade van sendo guiados para ter en conta todos os factores decisivos á hora de escoller a localización da horta. Nesta secuencia están incluídas dúas actividades da materia de ciencias da natureza: a medición do pH e da textura do solo en distintos lugares do recinto escolar. Ó final do percorrido cada grupo ten que presentar unha proposta razoada no foro. A proposta final escollerase por votación entre todas as presentadas e debidamente xustificadas.

Actividade foro “A localización da nosa horta” para presentar as propostas.

3. Imos deseñala

“Caderno de traballo. Imos deseñala.” Trátase dunha actividade tipo concurso para a presentación de deseños da horta feitos en pequenos grupos. Partindo das decisións xa tomadas (elementos, tamaño e localización da horta) danse as pautas para elaborar un deseño que ten que ser exposto e xustificado ante todo o alumnado participante. O deseño final escollerase entre todos os deseños presentados e debidamente xustificadas.

4. O noso proxecto de construción

“Caderno de traballo. O noso proxecto”. Nesta actividade o alumnado ten que facer un plan de traballo para construír a horta segundo o deseño aprobado. Danse todos os pasos necesarios para a elaboración de dito plan. Finalmente proponse que este plano quede reflectido nunha “Carta Gantt”. Dáse un exemplo para que o alumnado poda orientarse. Nos ficheiros do curso hai un arquivo ods coa mesma Carta Gantt que pode ser usada polo alumnado para elaborar a súa.

3º ¡MANS Á TERRA!

1. As labores agrícolas

Neste apartado explícanse todas as labores agrícolas que o alumnado debe coñecer para traballar na horta. Ademais están postos en relación cos contidos traballados na sección “¡Imos facer unha horta!”. Nas explicacións hai referencias a ditos contidos e ademais hai enlaces a eles para que poidan ser repasados polo alumnado.

Todos estes contidos están presentadas en actividades tipo Lección pero sen preguntas que condicionen o paso dunha páxina a outra.

A pretensión é que o alumnado realice esas labores conscientes das funcións dos seres vivos nas que están influíndo, e tamén como están influíndo. Posteriormente terán que facer estas labores na horta, polo que serán coñecementos aplicados. Ese será o momento para reforzar as aprendizaxes que nun primeiro momento puideron ficar no eido da teoría.

Ademais neste apartado dáse un calendario da horta. Nos ficheiros do curso hai unha versión en pdf e outra en odt que poden ser usadas para facer as achegas que se consideren oportunas en función dos cultivos escollidos en cada caso.

2. ¿Que imos plantar?

Neste apartado danse os criterios básicos para escoller que plantas se van cultivar na horta. Ademais achéganse explicacións sobre dúas técnicas básicas da agricultura ecolóxica: a rotación e a combinación de cultivos.

Todos estes contidos están presentadas en actividades tipo Lección pero sen preguntas que condicionen o paso dunha páxina a outra.

Finalmente faise unha proposta de cultivos baseada nas “parades en crestall” do autor Gaspar Caballero de Segovia, un tipo de horta ecolóxica que se está empregando en moitas escolas e comunidades de España.

Esta proposta é susceptible de ser modificada. Pode constituír unha base para comezar e ir facendo achegas a medida que a horta se vai afianzando na escola.

Nos ficheiros hai unha versión en odt da proposta para ser usada e modificada.

3. A organización do traballo

“Caderno de traballo. Organizándonos”. Nesta actividade o alumnado ten que facer un plan de traballo en pequenos grupos para facer as labores principais e as de mantemento da horta ó longo do curso. Danse todos os pasos necesarios para a elaboración de dito plan. Finalmente propónse que este plano quede reflectido nunha “Carta Gantt”. Dáse un exemplo para que o alumnado poda orientarse. Nos ficheiros do curso hai un arquivo ods coa mesma Carta Gantt que pode ser usada polo alumnado para elaborar a súa.

4. Avaliación do noso traballo

Nesta sección do proxecto a importancia do traballo colaborativo en grupo faise moi evidente. É o momento de facer explícito ante o alumnado en que consiste unha boa colaboración e como beneficia ós resultados do traballo e axuda ó disfrute do mesmo. Por eso a avaliación está presentada como unha actividade. Preséntase ó alumnado a

rúbrica a partir da cal vai ser avaliado, para que a comprenda ben. É un xeito de estudar a colaboración e de darlle as pautas de traballo.

4º AGRI-CULTURA

1. ¡Comunicádonos! O noso blog

Neste apartado preséntanse todos os aspectos comunicativos do proxecto.

Inicialmente faise unha reflexión sobre a necesidade de comunicación con toda a comunidade escolar cando se fai un proxecto destas características. Así mesmo se expoñen cales poden ser as vantaxes dunha boa comunicación e tamén as posibilidades lúdicas que encerra un acto de comunicación (máis alá dos aspectos pragmáticos comunicarse tamén é un xeito de relacionarse).

Posteriormente se fan propostas de realización de blogs da horta con distintos fines comunicativos.

Esta actividade préstase a ser desenvolva en pequenos grupos aínda que sen dúbida pode dar lugar a achegas individuais.

Neste apartado hai unha rúbrica deseñada para a avaliación dos blogs.

2. Glosario plurilingüe ilustrado

Actividade que pode implicar todas as linguas estudadas no centro escolar así como á materia de educación plástica e visual. Proponse a utilización do glosario de moodle, de tal forma que o alumnado pode facer as súas achegas directamente no glosario.

3. ¡Viaxemos!

“Organizando unha viaxe” é unha actividade para a materia de ciencias sociais, xeografía e historia.

O alumnado ten que organizar dúas viaxes: unha a unha aldea galega onde aínda se practique a agricultura tradicional e outro a unha produción ecolóxica. En cada unha destas viaxes ten que haber un encontro con labregos e labregas así como unha visita ós seus lugares de traballo.

Para elo o alumnado ten que dividirse en pequenos grupos. Cada grupo vaise encargar dun aspecto da viaxe dende a elección do destino ata a elaboración dun cuestionario para realizar despois da visita.

No material didáctico están todas as indicacións para cada un dos aspectos que teñen que organizar.

Así mesmo este apartado achega os foros necesarios para a organización e dúas rúbricas, unha para a avaliación do traballo organizativo de cada grupo; e outra para a avaliación individual da participación na viaxe.

4. Contando contos

Neste apartado fanse dúas propostas de creación literaria.

“A miña vida agrícola” actividade individual de reflexión e creación literaria.

“Un conto fantástico. Creación colectiva”. Nesta actividade danse as pautas para facer en pequenos grupos unha creación literaria en liña.

Achégase tamén unha rúbrica para a avaliación dos contos.

5. ¡Imaxinando!

Actividade da materia de educación plástica e visual.

Contextualízase a actividade no enorme peso que durante séculos tivo a agricultura nas sociedades humanas e de como influíu nas súas expresións artísticas.

A modo de inspiración expóñense exemplos de artistas que empregan distintas técnicas e propónse o alumnado que escolla unha técnica artística e faga unha obra individual e outra en grupo.

Achégase unha rúbrica para avaliar o produto deste traballo creativo.

6. Eu fago o mellor que podoo. O desenvolvemento sustentable

Actividade da materia de ciencias sociais, xeografía e historia.

Ten o obxectivo de aglutinar toda a experiencia deste proxecto ó redor das actitudes propias do desenvolvemento sustentable.

Ten estrutura de Lección, na que nalgúns casos o paso dunha páxina a outra está condicionado á realización dunha tarefa.

Pártese cunha exposición sobre o desenvolvemento sustentable. Posteriormente, a partir dun vídeo propóñense actividades de reflexión sobre as actitudes e comportamentos do ser humanos en xeral e tamén sobre os propios comportamentos.

Está pensada para ser realizada en pequenos grupos.

7. ¡Imos ó cine!

É unha proposta de tres películas, unha de ficción e dous documentais, que tratan temas abordables dende a óptica do desenvolvemento sustentable.

Finalmente se propón un traballo de debate cunha preparación previa do mesmo realizada en pequenos grupos.

Achégase unha rúbrica para avaliar a participación no debate.

RECURSOS DE AVALIACIÓN PARA O ALUMNADO

Nos materiais ofrécense tres recursos de avaliación para o alumnado.

1º Preguntas de resposta breve, emparellamento ou verdadeiro-falso que están presentes na as actividades tipo lección na primeira sección “¡Imos facer unha horta!”.

Estas preguntas están pensadas para guiar o proceso de aprendizaxe do alumnado, facendo fincapé nos aspectos máis importantes que están sendo tratados nas actividades. Deste xeito obriga ao alumno ou alumna a fixar conceptos relevantes e ó mesmo tempo lle serve de autoavaliación.

Ademais estas preguntas pódense estruturar de tal xeito que constitúan un exame. A presentación destes materiais en moodle permite modificar ou engadir preguntas de tal xeito que o alumno ou alumna ten unha soa oportunidade e unha duración limitada para percorrer a lección e responder ás preguntas.

2º Preguntas de reflexión (a responder despois dun traballo individual ou en grupo) que están presentes nalgúns das actividades tipo lección da primeira sección “¡Imos facer unha horta!” e da cuarta sección “Agri-cultura”.

Estas preguntas están destinadas a saber como o alumnado está integrando os contidos, especialmente indicadas para todas as actividades relacionadas con desenvolvemento sustentable.

O alumno ou alumna pode obter, ademais dunha cualificación, unha información sobre os seus puntos fortes e débiles, dando unha orientación para os seguintes pasos.

3º Rúbricas

Estes materiais inclúen rúbricas para avaliar distintas actividades.

Hai unha especialmente importante, aquela para a avaliación do traballo colaborativo. É fundamental para avaliar a participación do alumnado na segunda e terceira seccións “¡Mans á obra!” e “¡Mans á terra!”.

Nestas dúas seccións esta rúbrica pode servir para guiar a forma de traballar, converténdose nunha ferramenta de avaliación para a aprendizaxe, dado que serve para orientar. Ademais pode servir para unha avaliación da aprendizaxe porque aplicada ó final de cada parte do proxecto pode mostrar o nivel de aprendizaxe acadado polo alumno ou alumna.

Nos traballos de grupo temos dúas ferramentas: rúbrica de avaliación do traballo colaborativo para avaliar a participación do alumno ou alumna, e ademais as rúbricas para analizar os produtos: contos, obras artísticas, a organización da viaxe.

Tamén hai rúbricas para avaliar a participación do alumnado en dúas actividades específicas: os blogs e o debate.

4º Os foros e os blogs tamén son ferramentas de avaliación, dado que nos permiten ver o grado de profundidade acadada polo alumnado nos aspectos que se están traballando.

MEDIOS PARA ACHEGAR RETROALIMENTACIÓN ÁS APRENDIZAXES NO PROCESO AVALIATIVO

Nas preguntas de resposta breve, emparellamento ou verdadeiro-falso das actividades tipo lección a retroalimentación chega directamente ao alumnado no momento de responder. Debido a iso constitúen unha óptima ferramenta de auto-avaliación. En moitos casos hai unha retroalimentación que aparece no momento da resposta reforzando o aprendido ou guiando ao alumno ou alumna cara unha nova aprendizaxe apoiada na anterior.

Nas preguntas de reflexión a retroalimentación chega a través dunha cualificación á que o alumnado pode acceder a través da plataforma moodle.